

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN ESPAÑOLA DE AXUDA Á INVESTIGACIÓN EN PÁRKINSON PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL, CAPTACIÓN DE FONDOS PARA A INVESTIGACIÓN E MANTEMENTO DO PÁRKINSON PARA O EXERCICIO 2022.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realiza a Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Xuventude para o mantemento dos programas e actuacións da entidade durante o exercicio 2022.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, ten entre as súas funcións e competencias materias de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos sociais especialmente orientados á promoción da autonomía persoal e mellora da calidade de vida das persoas maiores, así como impulsar mecanismos e proxectos de coordinación entre o ámbito sanitario e o sociosanitario.

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio a todas aquelas persoas diagnosticadas coa enfermidade de Parkinson ou outras enfermidades dexenerativas co fin de potenciar a súa independencia e autonomía.

Así mesmo, as actuacións recollidas na cláusula segunda, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas maiores, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, conforme ao art.19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

